

REPASO DAS REGRAS XERAIS DE ACENTUACIÓN

1. Acentuación das palabras agudas graves e esdrúxulas

	ACENTÚANSE	NON SE ACENTÚAN
AGUDAS	Palabras con máis de unha sílaba que rematan en: -Vogal: <i>irm<u>á</u>...</i> -n: <i>irm<u>án</u>...</i> -s: <i>av<u>ós</u>...</i> -ns: <i>com<u>úns</u>...</i>	-Palabras monosílabas (excepto as que levan acento diacrítico): <i>gas</i> , <i>vin</i> ... -Palabras acabadas en: <ul style="list-style-type: none"> • Ditongo decrecente (seguido ou non de -n ou -s): <i>adem<u>ais</u>...</i> • Tritongo (seguido ou non de -n ou -s): <i>renunc<u>iei</u>...</i> • Ditongo homoxéneo: <i>escrib<u>iu</u>...</i>
GRAVES	Palabras acabadas en: -Consoante distinta de -n ou -s: <i>útil</i> , <i>cráter</i> ... -Grupos consonánticos diferentes de -ns: <i>tríceps</i> ...	Palabras rematadas en: -Vogal: <i>rapaza</i> ... -n: <i>comen</i> ... -s: <i>lapis</i> ... -ns: <i>dolmens</i> ...
ESDRÚXULAS E SOBRESDRÚXULAS	Todas: <i>lóstrego</i> , <i>cóxegas</i> , <i>roubáronllelo</i> ...	

2. Algunhas precisións sobre as regras xerais de acentuación

- As letras maiúsculas acentúanse.
- Os adverbios rematadas en *-mente* non se acentúan, pois son palabras graves rematadas en vogal: *facilmente*, *cientificamente*...
- Os estranxeirismos e latinismos seguen as regras xerais de acentuación: *anorak*, *iceberg*, *déficit*, *accésit*...

- Os pronomes interrogativos e exclamativos non se acentúan: *como, cando, onde, canto, por que...*
- Os verbos seguidos de pronome persoal átono acentúanse como se fosen unha única palabra: *traerá + a > traeraa* (pasa a ser unha palabra grave rematada en vogal) ; *dixo + o > díxoo* (pasa a ser unha palabra esdrúxula).
- Nas abreviaturas mantense a acentuación da palabra sen abreviar: *páx.* (*páxina*).

3. Acentuación de ditongos, tritongos e hiatos

3.1. Acentuación de ditongos

Podemos diferenciar entre:

- Ditongo crecente: vogal pechada (*i, u*) + vogal aberta (*a, e, o*): *piano, dierese, ioió, lingua, frecuente, mutuo...*
- Ditongo decrecente: vogal aberta (*a, e, o*) + vogal pechada (*i, u*): *caaixa, deeixei, cooidar, paausa, meu, couosa...*
- Ditongo homoxéneo: unión na mesma sílaba de dúas vogais pechadas (*i, u*): *triunfo, biulingüismo...*

A acentuación dos ditongos obedece ás regras xerais vistas no apartado 1. Cando unha palabra con ditongo ten que levar acento gráfico, este colócase da seguinte maneira:

- Ditongos crecentes ou decrecentes: acento gráfico na vogal aberta (*a, e, o*). Exemplos: *camión, euscaro, dialogo, foiseme...*
- Ditongos homoxéneos: acento gráfico sobre a vogal tónica. Exemplos: *puidoche, lingüística...*

3.2. Acentuación de tritongos

Un tritongo é a combinación de tres vogais nunha mesma sílaba (dúas vogais pechadas á volta dunha aberta): *fieis, amieiro, anunciouno...*

Ao igual ca os ditongos, seguen as regras xerais vistas no apartado 1. Cando unha palabra con tritongo ten que levar acento gráfico, este colócase na vogal aberta (*a, e, o*): *copiouvola...*

3.3 Acentuación de hiatos

- Hiato de dúas vogais abertas: vo-ar, te-a, cré-o-te...

Neste caso séguense as regras xerais de acentuación vistas no apartado 1.

- Hiatos de vogal aberta átona + pechada tónica ou de pechada tónica + aberta átona: sa-ír, pe-íño...; pí-o, inflú-o...

Neste caso os hiatos levan sempre o acento gráfico na vogal pechada, aínda que non se cumpran as regras de acentuación vistas no apartado 1. Por exemplo, *raíña* é unha palabra grave rematada en vogal e non levaría acento, pero como se trata dun hiato composto desta maneira, si que se lle pon acento gráfico.

- Hiatos de dúas vogais pechadas: sempre levan acento gráfico na segunda vogal (mu-í-ño, mi-ú-do...).